

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**17277** REAL DECRETO 1197/2007, do 14 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 504/2007, do 20 de abril, en materia de recoñecemento de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade do fillo e de recoñecemento da necesidade de asistencia de terceira persoa nas prestacións non contributivas. («BOE» 237, do 3-10-2007, e «BOE» 238, do 4-10-2007.)

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, ampliou o permiso de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade. O Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece na súa disposición adicional terceira que para a acreditación da discapacidade do fillo ou menor acollido se aplicará a escala de valoración específica para menores de tres anos.

Isto xera distintas interpretacións xa que se pode considerar exclusiva a aplicación desa escala para estes efectos, sendo igualmente de aplicación o baremo establecido no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.

O Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, estableceu un novo instrumento de valoración da necesidade do concurso doutra persoa no recoñecemento do grao de minusvalidez.

Porén, faise necesario introducir mecanismos de flexibilidade na utilización dos instrumentos da valoración da necesidade de asistencia de terceira persoa para axilizar e optimizar os recursos e medios existentes do recoñecemento dos dereitos dos cidadáns, polo que se debe manter a vixencia transitoria do anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de setembro de 2007,

### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

O Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, queda modificado como segue:

Un. O primeiro parágrafo da disposición adicional terceira queda redactado do seguinte xeito:

«Para a ampliación do período de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade do fillo ou menor acollido, a acreditación desta tamén se poderá realizar pola aplicación da escala de valoración específica para menores de tres anos, considerando que procede a ampliación cando a valoración sexa, polo menos, do grao 1 moderado, e isto sen prexuízo do establecido no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.»

Dous. Introdúcese unha disposición transitoria única coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria única. Réxime transitorio para a determinación de axuda de terceira persoa.

O anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez será de aplicación para a determinación da necesidade de axuda de terceira persoa ata a data en que se proceda á revisión do baremo, conforme o previsto na disposición adicional cuarta deste real decreto.»

Tres. A disposición derogatoria única queda redactada do seguinte xeito:

«Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto. En particular, queda expresamente derogado o anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira, número 3, na disposición adicional terceira, e na disposición transitoria única.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día de súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 14 de setembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

(Este real decreto publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 28, do 4-10-2007.)

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**17278** ORDE ITC/2845/2007, do 25 de setembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados á medición de son audible e dos calibradores acústicos. («BOE» 237, do 3-10-2007.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime ao cal se deben someter en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos

consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se atopa o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

O devandito real decreto traspón ao dereito interno a Directiva 2004/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, ao mesmo tempo que adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos a regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, e aborda, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e logo de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

De acordo con todo isto, esta orde ten por obxecto regular o control metrolóxico do Estado sobre aqueles instrumentos destinados a medir niveis de son audible e os calibradores acústicos que con eles se utilizan, en todas as fases que se regulan no citado Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, é dicir, tanto a que corresponde á de comercialización e posta en servizo como as que se refiren ás de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, emitiu informe favorable o Consello Superior de Metroloxía.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, que modifica a Directiva 98/34/CE pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora ambas as dúas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado dos medidores de son audible, denominados sonómetros, os medidores persoais de exposición sonora, denominados dosímetros, así como dos calibradores acústicos que con eles se utilicen.

#### Artigo 2. *Fases de control metrolóxico.*

O control metrolóxico do Estado establecido nesta orde é o establecido polos capítulos II e III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida, que se refiren, respectivamente, ás fases de comercialización e posta en servizo e á de instrumentos en servizo, que se citan no artigo 1 desta orde.

No anexo I desta orde recóllense as definicións que establecen a identificación dos instrumentos a que se refire o artigo 1.

O control regulado no capítulo II levarase a cabo de conformidade cos procedementos de avaliación da conformidade que se determinan no artigo 6 e no anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

Os controis dos instrumentos que xa están en servizo comprenderán tanto a verificación despois de reparación ou modificación como a verificación periódica daqueles.

## CAPÍTULO II

### Fase de comercialización e posta en servizo

#### Artigo 3. *Requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos.*

1. Os requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos que deben cumprir os instrumentos a que se refire o artigo 1 desta orde serán os que se establecen no seu anexo II.

2. A conformidade dos instrumentos a que se refire o artigo 1 desta orde, cos requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos, deberase realizar conforme os procedementos de avaliación da conformidade establecidos no artigo 4.

#### Artigo 4. *Módulos para a avaliación da conformidade.*

1. Os módulos que se utilizarán para levar a cabo a avaliación da conformidade dos instrumentos a que se refire o artigo 1 desta orde elixiraos, entre os que se determinan no número 2 do artigo 6 e no anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o responsable da obtención da conformidade destes, combinando algunha das opcións seguintes:

a) Módulo B, exame de modelo, máis módulo D, declaración de conformidade co modelo baseada na garantía de calidade do proceso de fabricación.

b) Módulo B, exame de modelo, máis módulo F, declaración de conformidade co modelo baseada na verificación do produto.

c) Módulo G, declaración de conformidade baseada na verificación por unidade.

2. De acordo co disposto no artigo 10 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, presumirase a conformidade cos requisitos esenciais daqueles instrumentos que cumpran coas normas ou documentos técnicos que se detallan no anexo III desta orde.

3. Presuponse a conformidade cos requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos, establecidos no artigo 3 desta orde, daqueles sonómetros, dosímetros e calibradores acústicos, procedentes doutros Estados membros da Unión Europea e de Turquía ou orixinarios doutros Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que cumpran coas normas técnicas, normas ou procedementos legalmente establecidos nestes Estados ou recibisen un certificado destes, sempre e cando os niveis de precisión, seguranza, adecuación e idoneidade sexan equivalentes aos requiridos nesta orde.

4. A Administración pública competente poderá solicitar a documentación necesaria para determinar a equivalencia mencionada no número anterior. Cando se comprobe o incumprimento dos requisitos esenciais, técnicos e metrolóxicos, a Administración pública competente poderá impedir a posta no mercado e en servizo dos instrumentos.

## CAPÍTULO III

**Verificación despois de reparación ou modificación****Artigo 5. Definición.**

Enténdese por verificación despois de reparación ou modificación, de acordo co disposto na alínea z) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un medidor de son audible en servizo mantén, despois dunha reparación ou modificación que requira rotura de precintaxes, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme a súa regulamentación específica e, de ser o caso, ao deseño ou modelo aprobado.

**Artigo 6. Actuacións dos reparadores.**

1. A reparación ou modificación dos sonómetros, dosímetros e calibradores acústicos só poderá ser realizada por unha persoa ou entidade inscrita no Rexistro de Control Metrolóxico, conforme o establecido no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. A inscrición no devandito rexistro exixirá o cumprimento dos requisitos fixados no anexo VII desta orde.

2. Todas as actuacións realizadas por un reparador autorizado estarán documentadas nunha parte de traballo, en formato dítico autocopiativo. A primeira folla do parte deberá quedar en poder da entidade reparadora e a segunda en poder do titular do instrumento; ambas as dúas á disposición da autoridade competente e dos organismos autorizados de verificación durante un prazo mínimo de dous anos desde que se realizou a intervención.

3. Deberase anotar a natureza da reparación, os elementos substituídos, a data da actuación, o número con que o reparador que efectuase a reparación se atope inscrito no Rexistro de Control Metrolóxico, a identificación da persoa que realizou a reparación ou modificación, a súa sinatura e o selo da entidade reparadora. A descrición das operacións realizadas deberase detallar suficientemente para que poida avaliar o seu alcance a autoridade competente.

4. O reparador que reparase ou modificase un medidor de son audible ou un calibrador acústico, unha vez comprobado o seu correcto funcionamento, deberá axustar os erros a cero coa menor tolerancia posible do seu equipamento e instrumental e colocar novamente as precintaxes que tiver que levantar para levar a cabo a reparación ou modificación.

**Artigo 7. Suxeitos obrigados e solicitudes.**

1. O titular do sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico deberalle comunicar á Administración pública competente a súa reparación ou modificación, indicando o seu obxecto e especificando cales son os elementos substituídos, de ser o caso, e os axustes e controis efectuados. Antes da súa posta en servizo, deberá solicitar a súa verificación.

2. A solicitude de verificación presentarse acompañada do boletín de identificación establecido no anexo VI desta orde.

3. Unha vez presentada a solicitude de verificación dun sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico despois da súa reparación ou modificación, a Administración pública competente ou o organismo autorizado de verifi-

cación metrolóxica disporá dun período máximo de 30 días para proceder á súa verificación.

**Artigo 8. Ensaíos e execución.**

1. O sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico deberá superar un exame administrativo, consistente na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información entregada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo VI desta orde. Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a declaración de conformidade ou, se for o caso, a aprobación de modelo e as marcacións correspondentes de acordo coa lexislación que lle sexa aplicable, e que a placa de características cumpre os requisitos indicados no anexo II desta orde.

2. Os ensaios que se van realizar na verificación despois de reparación ou modificación serán os indicados no anexo IV desta orde.

**Artigo 9. Erros máximos permitidos.**

Os erros máximos permitidos na verificación despois de reparación ou modificación serán os indicados no anexo IV desta orde.

**Artigo 10. Conformidade.**

1. Superada a fase de verificación despois de reparación ou modificación, farase constar a conformidade do sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e especificarase nesta o tipo de instrumento de que se trate. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación e o verificador procederá a precintar de novo o instrumento.

2. A verificación despois de reparación ou modificación terá efectos de verificación periódica respecto do cómputo do prazo para a súa solicitude.

**Artigo 11. Non-superación da verificación.**

Cando un sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico non supere a verificación despois de reparación ou modificación deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, situada nun lugar visible do instrumento, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e especificarase nesta o tipo de instrumento de que se trate. No caso de que a deficiencia non se emende, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

## CAPÍTULO IV

**Verificación periódica****Artigo 12. Definición.**

Enténdese por verificación periódica, de acordo co disposto na alínea aa) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto com-

probar e confirmar que un medidor de son audible en servizo mantén desde a súa última verificación as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme a súa regulamentación específica e, de ser o caso, o deseño ou modelo aprobado.

#### Artigo 13. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

1. Os titulares de sonómetros, dosímetros e calibradores acústicos en servizo estarán obrigados a solicitar, antes de que cumpra un ano da anterior, a súa verificación periódica, e queda prohibido o seu uso no caso de que non se supere esta fase de control metrolóxico.

2. A solicitude de verificación presentárase acompañada do boletín de identificación establecido no anexo VI desta orde.

#### Artigo 14. *Ensaio e execución.*

1. O sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico deberá superar un exame administrativo, consistente na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información entregada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo VI desta orde. Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a declaración de conformidade ou, se for o caso, a aprobación de modelo e as marcacións correspondentes de acordo coa lexislación que lle sexa aplicable e que a placa de características cumpre os requisitos indicados no anexo II desta orde.

2. Os ensaios que se realizarán na verificación periódica serán os indicados no anexo V desta orde.

#### Artigo 15. *Erros máximos permitidos.*

Os erros máximos permitidos na verificación periódica serán os indicados no anexo V desta orde.

#### Artigo 16. *Conformidade.*

Superada a fase de verificación periódica, farase constar a conformidade do sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e os requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e especificarase nesta o tipo de instrumento de que se trate. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación.

#### Artigo 17. *Non-superación da verificación.*

Cando un sonómetro, dosímetro ou calibrador acústico non supere a verificación periódica deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e especificarase nesta o tipo de instrumento de que se trate. No caso de que a deficiencia non se emende, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

#### Disposición transitoria primeira. *Sonómetros e calibradores acústicos en servizo.*

1. Os sonómetros e calibradores acústicos cuxos modelos cumprían os regulamentos técnicos, as normas ou os procedementos con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, poderán seguir sendo utilizados sempre que superasen satisfactoriamente as fases de control metrolóxico reguladas na orde do Ministerio de Fomento, do 16 de decembro de 1998, que regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos destinados a medir os niveis de son audible.

2. Os sonómetros e calibradores acústicos indicados no punto anterior deberán superar as fases de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica de acordo cos ensaios metrolóxicos establecidos na devandita Orde do 16 de decembro de 1998, durante todo o período da súa vida útil.

#### Disposición transitoria segunda. *Dosímetros en servizo.*

1. Os dosímetros en servizo á entrada en vigor desta orde poderán seguir sendo utilizados sempre que superasen satisfactoriamente o establecido para a fase de control metrolóxico de verificación periódica regulada no capítulo IV precedente, sen que a estes lles sexa aplicable o determinado no número 1 do artigo 14.

2. Os ensaios que se realizarán e os erros máximos permitidos da verificación establecida no punto anterior aos dosímetros serán os indicados no anexo IV desta orde. Para as seguintes verificacións periódicas, os ensaios que se van realizar e os erros máximos permitidos serán os indicados no anexo V desta orde.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 16 de decembro de 1998, do Ministerio de Fomento, que regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos destinados a medir os niveis de son audible, salvo no previsto na disposición transitoria primeira.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesas e medidas.

#### Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

No non particularmente previsto nesta orde e no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, os procedementos administrativos a que dean lugar as actuacións reguladas nesta orde rexeranse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na lexislación específica das administracións públicas competentes.

#### Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación do contido técnico da orde.*

Autorízase o secretario xeral de Industria para introducir nos anexos desta orde, mediante resolución e logo de informe do Consello Superior de Metroloxía, cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para manter adaptado o seu contido ás innovacións que se produzan.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de setembro de 2007.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

## ANEXO I

### Definicións

Xerais.

Exposición sonora: integral temporal ao cadrado da presión acústica instantánea con ponderación frecuencial A sobre un intervalo especificado.

Nivel de exposición sonora: dez veces o logaritmo decimal do cociente entre a exposición sonora e a exposición sonora de referencia, sendo esta igual ao produto do cadrado da presión acústica de referencia polo intervalo de tempo de referencia de 1 s, expresado en dB.

Condições ambientais de referencia: condicións de temperatura, presión atmosférica e humidade relativa en que se cumpren as especificacións declaradas polo fabricante.

Sonómetros.

Instrumentos destinados á medida dos niveis de presión sonora ponderados en frecuencia e en tempo. Xeralmente un sonómetro é unha combinación dun micrófono, un procesador de sinal e un dispositivo de presentación de resultados.

Como sonómetros enténdense tanto os sonómetros convencionais, os sonómetros integradores-pro mediadores e os sonómetros integradores. Un sonómetro convencional mide niveis de son con ponderación temporal exponencial. Un sonómetro integrador-pro mediador mide niveis de son calculados no tempo. Un sonómetro integrador mide niveis de exposición sonora.

Presión sonora de referencia: magnitude de referencia elixida convencionalmente igual a 20  $\mu$ Pa para un son aéreo.

Nivel de presión acústica: vinte veces o logaritmo decimal do cociente entre o valor cuadrático medio dunha presión acústica dada e a presión acústica de referencia, expresado en dB.

Ponderación frecuencial: diferenza entre o nivel do sinal indicado no dispositivo de presentación de resultados e o nivel correspondente dun sinal de entrada sinuoidal continuo de amplitude constante, especificada como unha función da frecuencia.

Ponderación temporal: función exponencial temporal, cunha constante de tempo especificada, que pondera o cadrado da presión acústica instantánea.

Nivel sonoro ponderado temporalmente: vinte veces o logaritmo decimal do cociente entre unha presión acústica cuadrática media e a presión acústica de referencia, sendo obtida a presión acústica cuadrática media cunha ponderación frecuencial determinada e unha ponderación temporal determinada, expresado en dB.

Calibradores acústicos.

Dispositivos, tamén denominados «calibradores sonoros», que xeran unha presión acústica sinuoidal de nivel e frecuencia especificados cando se acoplan a modelos específicos de micrófono en configuracións especificadas.

Distorsión total: compoñentes non desexados na saída dun calibrador sonoro tales como harmónicos e ruído, expresados como unha porcentaxe do sinal de saída sinuoidal fundamental.

Frecuencia especificada: frecuencia (ou frecuencias) de son xeradas polo calibrador sonoro baixo condicións ambientais de referencia, válida para cada calibrador sonoro individual (no caso de calibradores PL) ou para todos os calibradores do mesmo modelo (no caso dos calibradores de clase 1 ou 2), expresada en Hz.

Frecuencia nominal: boa aproximación á frecuencia especificada, a miúdo redondeada de acordo coa ISO 266, expresada en Hz.

Frecuencia principal: frecuencia definida polo fabricante para ser utilizada na avaliación da conformidade do calibrador sonoro expresada en Hz.

Nivel de presión sonora especificado: nivel (ou niveis) de presión sonora xerado baixo condicións ambientais de referencia para uso cun modelo de micrófono ou unha configuración particular, válidos para cada un dos calibradores individuais (no caso dos calibradores de clase PL) ou para todos os calibradores sonoros do mesmo modelo (no caso de calibradores de clase 1 ou 2), expresado en dB.

Nivel de presión sonora nominal: boa aproximación ao nivel (s) de presión sonora especificado (s), válido (s) para todos os calibradores sonoros do mesmo modelo, redondeado aproximadamente ao decibelio, expresado en dB.

Nivel de presión sonora principal: nivel de presión sonora especificada polo fabricante para ser utilizada na avaliación da conformidade do calibrador sonoro, expresado en dB.

Medidores persoais de exposición sonora.

Os medidores de exposición sonora persoais, tamén denominados dosímetros, miden a exposición sonora resultante de sons estacionarios, intermitentes, flutuantes, irregulares ou impulsivos. Son instrumentos pensados para ser portados por unha persoa para medir a exposición sonora.

Nivel continuo equivalente de presión acústica con ponderación A; nivel sonoro medio: dez veces o logaritmo en base dez do cociente entre a media cuadrática da presión acústica con ponderación A, durante un tempo de cálculo de media T, e o cadrado da presión acústica de referencia. O nivel sonoro medio exprésase en dB.

Marxe de nivel sonoro: niveis sonoros medios superior e inferior de presión acústica con ponderación A sen ponderación temporal exponencial, especificados polo fabricante dentro dos cales se cumpren os requisitos de linearidade, expresado en dB.

## ANEXO II

### Requisitos específicos e esenciais

Información relativa aos instrumentos sometidos a control metrolóxico do Estado.

Os sonómetros, dosímetros e calibradores acústicos deberán incorporar nunha parte visible coa máxima garantía de permanencia ou acompañar, se é o caso, en cumprimento do determinado no número 9 do anexo IV do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado, a información seguinte:

Nome ou razón social do fabricante ou o seu representante.

Ano de fabricación.

Marca, modelo e tipo.

Número de serie do instrumento.

Número do organismo de control metrolóxico que realizou a avaliación da conformidade.

As características metrolóxicas indicadas para cada tipo e clase de instrumento nas normas UNE que lles sexan de aplicación.

### Sonómetros.

1. Exactitude.—O fabricante deberá especificar o índice de clase do sonómetro. Os índices de clase defínense como clase 1 ou 2.

2. Condicións nominais de funcionamento.—O fabricante especificará as condicións nominais de funcionamento do sonómetro, en concreto:

A configuración do sonómetro completo e o seu modo normal de funcionamento.

O nivel de presión acústica de referencia, o rango de niveis de referencia e a orientación de referencia, así como a dirección de referencia para cada micrófono e a posición de referencia do micrófono.

As distintas ponderacións frecuenciais e temporais de niveis de son e de exposición sonora que é capaz de proporcionar.

Os micrófonos e os dispositivos específicos con que pode traballar o sonómetro.

Para os micrófonos específicos, datos para corrixir as desviacións da resposta en frecuencia media do micrófono respecto dunha resposta en frecuencia uniforme, datos para corrixir a resposta a campo de presión respecto da resposta a campo libre e para os efectos medios nas reflexións no corpo do sonómetro e da difracción arredor do micrófono.

### 3. Erros máximos permitidos.

3.1 En ponderacións frecuenciais, os erros máximos permitidos dun sonómetro en condicións nominais de funcionamento, estendidos os niveis de son coa incerteza expandida de medida en resposta a ondas planas progresivas incidentes no micrófono na dirección de referencia, serán as establecidas na táboa 1, redondeados á décima de dB para as clases 1 e 2.

O sonómetro estará deseñado de maneira que a resposta, segundo as ponderacións frecuenciais, A, C e Z, corresponda cos valores teóricos normalizados de cada unha delas.

Táboa 1

Frecuencia nominal (Hz)	Límites de tolerancia (dB) Clase	
	1	2
$10 \leq f < 12,5$	+3,5; - ∞	+5,5; - ∞
$12,5 \leq f < 16$	+3,0; - ∞	+5,5; - ∞
$16 \leq f < 20$	+2,5; -4,5	+5,5; - ∞
$20 \leq f < 25$	±2,5	±3,5
$25 \leq f < 31,5$	+2,5; -2,0	±3,5
$31,5 \leq f < 40$	±2,0	±3,5
$40 \leq f < 100$	±1,5	±2,5
$100 \leq f < 200$	±1,5	±2,0
$200 \leq f < 250$	±1,5	±2,0
$250 \leq f < 1000$	±1,4	±1,9
$1000 \leq f < 1250$	±1,1	±1,4
$1250 \leq f < 1600$	±1,4	±1,9
$1600 \leq f < 2500$	±1,6	±2,6
$2500 \leq f < 4000$	±1,6	±3,1
$4000 \leq f < 5000$	±1,6	±3,6
$5000 \leq f < 6300$	±2,1	±4,1
$6300 \leq f < 8000$	+2,1; -2,6	±5,1
$8000 \leq f < 10000$	+2,1; -3,1	±5,6
$10000 \leq f < 12500$	+2,6; -3,6	±5,6; - ∞
$12500 \leq f < 16000$	+3,0; -6,0	+6,0; - ∞
$16000 \leq f < 20000$	+3,5; -17,0	+6,0; - ∞
$f=20000$	+4,0; - ∞	+6,0; - ∞

3.2 Resposta direccional: a diferenza absoluta máxima do nivel lido polo sonómetro no modo normal de funcionamento, aplicadas ondas acústicas progresivas planas, para dous ángulos de incidencia dun son calquera dentro do intervalo  $\pm \theta$  graos desde a dirección de referencia, non debe exceder para os sonómetros das clases 1 e 2 os límites de tolerancia especificados na táboa 2, para calquera frecuencia dentro dos rangos indicados.

Táboa 2

Frecuencia (kHz)	Diferenza absoluta máxima nos niveis de son presentados para dous ángulos de incidencia do son calquera dentro de $\pm \theta$ graos desde a dirección de referencia (dB)					
	$\theta = 30^\circ$		$\theta = 90^\circ$		$\theta = 150^\circ$	
	Clase					
	1	2	1	2	1	2
0,25 a 1	1,3	2,3	1,8	3,3	2,3	5,3
>1 a 2	1,5	2,5	2,5	4,5	4,5	7,5
>2 a 4	2,0	4,5	4,5	7,5	6,5	12,5
>4 a 8	3,5	7,0	8,0	13,0	11,0	17,0
>8 a 12,5	5,5	-	11,5	-	15,5	-

3.3 O nivel de sinal medido para niveis de son calculados no tempo, os niveis de son ponderados no tempo e os niveis de exposición sonora, deberán ser unha función linear do nivel de presión acústica no micrófono en todo o rango de medida. Os erros máximos permitidos do sonómetro, en condicións nominais de funcionamento, estendidos coa incerteza expandida de medida, para cada rango de niveis do equipamento, son os que se establecen na táboa 3 para as clases 1 e 2.

Táboa 3

Frecuencia (Hz)	Diferenza entre o nivel de presión lido e o nivel anticipado (dB)		Desviación entre a diferenza do sinal mostrado e a variación do sinal de entrada entre 1 dB e 10 dB (dB)	
	Clase		Clase	
	1	2	1	2
$31,5 \leq f \leq 8000$	1,1	1,4	0,6	0,8
$8000 < f \leq 12500$	1,1	-	0,6	-

3.4 Os erros máximos permitidos dun sonómetro, para cada tren de ondas de 4 kHz único e para trens de ondas de 4 kHz repetidos, con relación co nivel de son do sinal continuo, en condicións nominais de funcionamento, estendidos coa incerteza expandida de medida no rango de referencia, serán os establecidos na táboa 4 para as clases 1 e 2.

O sonómetro deberá estar deseñado de maneira que proporcione unha resposta axeitada na medición de niveis de son ponderados no tempo, coas ponderacións temporais F e S, se están dispoñibles, para sinais de entradas transitorias.

Se o sonómetro dispón de modo de medición ponderada no tempo ou niveis de exposición sonora, deberá estar deseñado de maneira que proporcione unha resposta axeitada para sinais de entrada transitoria.

TÁBOA 4

Duración do tren de ondas (ms)	Límites de tolerancia (dB)			
	$L_{AF}$ máx.- $L_{AE}$ $L_{CF}$ máx.- $L_{CE}$ $L_{ZF}$ máx.- $L_{ZE}$		$L_{AS}$ máx.- $L_{AS}$ $L_{CS}$ máx.- $L_{CS}$ $L_{ZS}$ máx.- $L_{ZS}$	
	Clase			
	1	2	1	2
1000	±0,8	±1,3	±0,8	±1,3
500	±0,8	±1,3	±0,8	±1,3
200	±0,8	±1,3	±0,8	±1,3
100	±1,3	±1,3	±1,3	±1,3
50	±1,3	+1,3; -1,8	±1,3	+1,3; -1,8
20	±1,3	+1,3; -2,3	+1,3; -1,8	+1,3; -2,3
10	±1,3	+1,3; -2,3	+1,3; -2,3	+1,3; -3,3
5	±1,3	+1,3; -2,8	+1,3; -2,8	+1,3; -4,3
2	+1,3; 1,8	+1,3; -3,3	+1,3; -3,3	+1,8; -5,3
1	+1,3; 2,3	+1,3; -3,3	-	-
0,5	+1,3; 2,8	+1,3; -4,3	-	-
0,25	+1,3; 3,3	+1,8; -5,3	-	-

3.5 Os erros máximos permitidos para un sonómetro que dispoña de ponderación C pico para niveis de son nesta ponderación serán os establecidos na táboa 5 para as clases 1 e 2.

Táboa 5

Número de ciclos no sinal de ensaio	Frecuencia do sinal de ensaio (Hz)	$L_{C_{peak}} - L_C$ (dB)	Límites de tolerancia (dB)	
			Clase	
			1	2
Un	31,5	2,5	±2,4	±3,4
Un	500	3,5	±1,4	±2,4
Un	8000	3,4	±2,4	±3,4
Semiciclo positivo	500	2,4	±1,4	±2,4
Semiciclo negativo	500	2,4	±1,4	±2,4

#### 4. Aptitude.

4.1 Como mínimo, un sonómetro convencional debe proporcionar un medio para indicar niveis de son con ponderación frecuencial A e ponderación temporal Fast, un sonómetro integrador-pro mediador para indicar niveis con ponderación A calculados temporalmente; un sonómetro integrador para indicar niveis de exposición sonora con ponderación A.

4.2 Os sonómetros pensados para a medición do nivel de son ponderado no tempo, o nivel de exposición sonora, o nivel de son ponderado no tempo máximo e o nivel de son con ponderación C de pico deberán dispor dun mecanismo para limpar o dispositivo de almacenamento de datos e reiniciar a medición.

4.3 O sonómetro estará deseñado de maneira que dea unha resposta axeitada á interrupción súbita dun sinal de entrada. O erro do sonómetro da resposta a un sinal sinuoidal continuo de 1 kHz, estendidos os niveis de son coa incerteza expandida de medida, para cada rango de niveis do equipo non debe exceder ±3 dB.

4.4 O sonómetro deberá dispor dun indicador de sobrecarga que funcionará con calquera dos dispositivos de presentación de resultados aplicables.

4.5 O sonómetro, se é múltiple, estará deseñado de maneira que non se produza diafonía. A diferenza entre a lectura do nivel de entrada, aplicado un sinal no límite superior do rango de funcionamento linear, e a lectura en calquera outra entrada, non aplicado ningún sinal, debe ser polo menos 70 dB.

4.6 Dado que a determinación da conformidade con moitas das especificacións do sonómetro require a utilización de sinais eléctricos, estes deben ser equivalentes aos sinais do micrófono que deberá poder ser substituído pola súa impedancia eléctrica equivalente.

#### 5. Protección contra a corrupción.

5.1 As posibilidades de protección dun sonómetro deberán ser tales que poida ser posible unha protección por separado dos parámetros metrolóxicos.

5.2 O sonómetro estará concibido para que poida respectar os erros máximos permitidos sen axustes durante un ano de uso normal.

5.3 Se un sonómetro consta de varias unidades separadas, cada unidade principal ou compoñente deberá estar perfectamente identificada, incluíndo a designación do modelo e o número de serie.

#### 6. Indicación de resultados.

6.1 Nos sonómetros que permiten mostrar medidas de máis dunha magnitude deberase proporcionar un medio de identificar a magnitude mostrada.

6.2 O dispositivo ou dispositivos de presentación de resultados deberán permitir medicións cunha resolución igual ou mellor de 0,1dB, en todo un rango de niveis de polo menos 60 dB.

#### Calibradores acústicos.

1. Exactitude.-O fabricante deberá especificar o índice de clase do calibrador acústico. Os índices de clase defínense como clase PL, clase 1 e clase 2.

2. Condicións nominais de funcionamento.-O fabricante especificará as condicións nominais de funcionamento do calibrador sonoro, en concreto:

A configuración do calibrador sonoro completo e o seu modo normal de funcionamento.

As condicións ambientais de referencia.

Combinacións dispoñibles de nivel de presión acústica e da frecuencia con que cumpra os requisitos da súa clase.

Nivel/is e frecuencia/s nominais.

3. Erros máximos permitidos.-Os erros máximos permitidos para un calibrador acústico, especificados para unhas condicións ambientais dentro dos rangos;  $Pr \pm 4$  kPa,  $Tr \pm 3$ . ° C e  $Hr \pm 15$  %, incluírán a incerteza expandida de medida.

3.1 O erro máximo permitido de cada un dos niveis de presión xerado, aplicable ao valor absoluto da diferenza entre o nivel de presión acústica medido e o correspondente nivel de presión acústica especificado, non deberá exceder para cada clase de calibrador acústico os valores especificados na táboa 6.

Táboa 6

Rango de frecuencias nominais (Hz)	Límites de tolerancias de nivel de presión acústica (dB)		
	Clase PL	Clase 1	Clase 2
$31,5 \leq f < 160$	-	0,50	-
$160 \leq f \leq 1250$	0,20	0,40	0,75
$1250 \leq f \leq 4000$	-	0,60	-
$4000 \leq f \leq 8000$	-	0,80	-
$8000 < f \leq 16000$	-	1,00	-

3.2 O erro máximo permitido para calquera frecuencia dun son xerado polo calibrador acústico, aplicable ao valor absoluto da diferenza porcentual entre a frecuencia

do son xerado polo calibrador e a correspondente frecuencia especificada, non debe exceder, para cada clase de calibrador acústico, os valores especificados na táboa 7.

Táboa 7

Límites de tolerancias de frecuencia (%)		
Clase PL	Clase 1	Clase 2
1,0	1,0	2,0

3.3 O erro máximo permitido da distorsión total non deberá exceder os valores especificados na táboa 8, no rango de frecuencia comprendido entre 22,5 Hz e 20 kHz.

Táboa 8

Rango de frecuencias nominais (Hz)	Distorsión total (%)		
	Clase PL	Clase 1	Clase 2
$31,5 \leq f < 160$	–	4,0	–
$160 \leq f \leq 1250$	2,5	3,0	4,0
$1250 < f \leq 6000$	–	4,0	–

#### 4. Aptitude.

4.1 O tempo transcorrido necesario para a estabilización do nivel de presión acústica e da frecuencia non excederá 30 s.

4.2 O fabricante deberá indicar a orientación requirida, no caso de utilización dunha orientación específica.

4.3 O fabricante deberá indicar se os calibradores acústicos requiren correccións debidas á influencia da presión estática.

4.4 O calibrador estará deseñado de maneira que teña unha distorsión máxima axeitada á súa clase de exactitude.

#### 5. Durabilidade.

5.1 O deseño do calibrador acústico e os materiais utilizados na súa construción deberán ser tales que ofrezan unha estabilidade a longo prazo para o seu normal funcionamento.

#### 6. Protección contra a corrupción.

6.1 As posibilidades de protección dun calibrador deberán ser tales que poida ser posible unha protección por separado dos parámetros metrolóxicos.

6.2 O calibrador estará concibido para que poida respectar os erros máximos permitidos sen axustes durante un ano de uso normal.

#### Dosímetros.

##### 1. Erros máximos permitidos.

1.1 O erro máximo permitido da sensibilidade acústica absoluta, baixo as condicións de referencia e para ondas planas progresivas incidentes sobre o micrófono na dirección de referencia, a exposición sonora indicada, para un medidor persoal de exposición sonora completo en ausencia de interferencias significativas, deberá estar dentro da marxe entre -26% e +26% da exposición sonora de referencia á frecuencia de referencia de 1 kHz.

1.2 O erro máximo permitido de ponderación frecuencial A, nas condicións de referencia para cada frecuencia nominal, do cociente entre unha exposición sonora medida e a exposición sonora a 1 kHz, non deberá exceder os valores mínimos e máximos indicados na táboa 9.

TÁBOA 9

Frecuencia nominal Hz	Cociente de exposición sonora		
	Min.	Nominal	Máx.
63	0,0015	0,0024	0,0038
125	0,0174	0,0245	0,0347
250	0,098	0,1380	0,195
500	0,339	0,4786	0,676
1000	-	1,0000	-
1995	0,832	1,3183	2,089
4000	0,631	1,2589	2,512
8000	0,245	0,7762	2,455

#### 2. Efectos das perturbacións.

2.1 O medidor persoal de exposición sonora deberá estar deseñado de xeito que a influencia das vibracións mecánicas sobre este se reduzan tanto como sexa posible.

#### 3. Durabilidade.

3.1 O deseño do medidor persoal de exposición sonora e os materiais utilizados na súa construción deberán ser tales que ofrezan unha estabilidade a longo prazo para o seu normal funcionamento.

#### 4. Aptitude.

4.1 O rango de nivel de presión acústica deberá ser polo menos desde 80 dB a 130 dB e a marxe nominal de frecuencias de 63 Hz a 8 kHz.

4.2 A alimentación eléctrica do medidor persoal de exposición sonora deberá asegurar a continuidade da alimentación durante polo menos 8 h.

4.3 A cadea de medida do instrumento debe ser linear en toda a marxe de medida dinámica do instrumento.

4.4 O medidor persoal de exposición sonora será capaz de medir con igual exactitude unha secuencia de impulsos positivos e negativos.

4.5 O instrumento debe indicar sobrecarga se a presión acústica de entrada supera o límite superior da marxe de nivel sonoro especificado.

#### 5. Indicación dos resultados.

5.1 O incremento máis pequeno de exposición sonora visualizado no indicador non deberá ser maior de  $0,1 \text{ Pa}^2\text{h}$ , sendo o rango de exposición sonora polo menos de  $0,1 \text{ Pa}^2\text{h}$  a  $99,9 \text{ Pa}^2\text{h}$ .

#### 6. Protección contra a corrupción.

6.1 As posibilidades de protección dun dosímetro deberán ser tales que poida ser posible unha protección por separado dos parámetros metrolóxicos.

6.2 O dosímetro estará concibido para que poida respectar os erros máximos permitidos sen axustes durante un ano de uso normal.

### ANEXO III

#### Normas ou documentos que acreditan a presunción de conformidade

##### Sonómetros.

Para os sonómetros e os sonómetros integradores-pro mediadores, as normas UNE-EN 61672-1 (abril 2005) e UNE-EN 61672-2 (xuño 2005).

##### Calibradores acústicos.

Para os calibradores acústicos, a norma UNE-EN 60942 (xaneiro 2005).



Dosímetros.

Para os medidores persoais de exposición sonora, as normas UNE-EN 61252 (abril 1998) e UNE-EN 61252/A1 (xullo 2003).

#### ANEXO IV

##### Procedemento de verificación despois de reparación ou modificación

A verificación despois de reparación ou modificación terá carácter de verificación periódica e, polo tanto, a súa validez será anual.

Os instrumentos sometidos a control metrolóxico do Estado por esta orde deberán superar primeiramente un exame administrativo consistente na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo, e que deste xeito poderá efectuar o exame metrolóxico. Este exame administrativo realizarase tomando como base a información achegada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo VI. Comprobarase especialmente que o instrumento medidor de son audible estea correctamente comercializado e posto en servizo, así como que posúe a correspondente placa de características de acordo con esta orde.

Se o exame administrativo é favorable, pódese proceder daquela a levar a cabo o exame metrolóxico descrito a seguir, para cada un dos tipos de instrumentos sometidos a control metrolóxico do Estado por esta orde.

Sonómetros.

Para os sonómetros, o documento IEC 61672-3:2006, ou a correspondente versión oficial en español como norma UNE-EN 61672-3.

Os erros máximos permitidos para os sonómetros e os sonómetros integradores-pro mediadores serán os especificados no documento anteriormente citado.

Calibradores sonoros.

Para os calibradores sonoros, o anexo B da norma UNE-EN 60942:2005.

Os erros máximos permitidos para os calibradores sonoros serán os especificados no documento anteriormente citado.

Dosímetros.

Os ensaios para os dosímetros realizaranse con base no anexo B da norma UNE-EN 61252 (abril 1998), nun rango comprendido entre 80 dB e 140 dB. Esta referencia normativa e rango serán aplicados aos dosímetros en servizo, como primeira verificación.

Os erros máximos permitidos para os dosímetros serán os especificados no documento anteriormente citado.

As medidas da linearidade da resposta deberán ser realizadas desde unha indicación de exposición aproxi-

madamente igual a tres veces o límite inferior da marxe de exposición sonora ata aproximadamente o 80% do límite superior da devandita marxe e a intervalos de exposición sonora que non sexan maiores que un quintuplo aumento ou descenso na exposición sonora.

#### ANEXO V

##### Procedemento de verificación periódica

A periodicidade dos ensaios de verificación periódica será anual.

Os instrumentos regulados nesta orde deberán superar un exame administrativo consistente na identificación completa do instrumento e na comprobación de que reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información achegada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo VI.

Se o exame administrativo é favorable, pódese proceder entón a levar a cabo o exame metrolóxico descrito a seguir para cada un dos tipos de instrumentos regulados por esta orde.

Sonómetros.

Para os sonómetros, aplicarase o documento IEC 61672-3:2006, ou a correspondente versión oficial en español como norma UNE-EN 61672-3.

Os erros máximos permitidos para todos os sonómetros serán os especificados no documento anteriormente citado.

Calibradores acústicos.

Para os calibradores acústicos regulados por esta orde aplicarase o anexo B da norma UNE-EN 60942:2005.

Os erros máximos permitidos para os calibradores acústicos serán os especificados no documento anteriormente citado.

Dosímetros.

Para os dosímetros aplicarase o anexo B da norma UNE-EN 61252 (abril 1998), sen ensaios a 80 dB nin a 90 dB (cun rango de ensaios comprendido entre 100 dB e 140 dB).

Os erros máximos permitidos para os medidores dosímetros serán os especificados no documento anteriormente citado.

As medidas da linearidade da resposta deberán ser realizadas desde unha indicación de exposición aproximadamente igual a tres veces o límite inferior da marxe de exposición sonora ata aproximadamente o 80% do límite superior da devandita marxe, e a intervalos de exposición sonora que non sexan maiores que un quintuplo aumento ou descenso na exposición sonora.

**ANEXO VI****Boletín identificativo do instrumento**

## TITULAR DO INSTRUMENTO

Nome ou razón social		
Enderezo		
Localidade		Código postal
Persoa de contacto		
Tfno.:	Fax:	Correo electrónico

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO INSTRUMENTO

Fabricante			
Marca			
Modelo			
Nº de serie			
Lugar de instalación			
Tipo de instrumento			
Data de posta en servizo <sup>(1)</sup>			
Nº de aprobación de modelo <sup>(2)</sup>			
Data de verificación primitiva <sup>(2)</sup>			
Certificado exame de modelo nº		Módulo	Data
Organismo de control nº			
Certificado de conformidade nº		Módulo	Data
Organismo de control nº			
Data última verificación periódica			
Organismo verificador nº			

<sup>(1)</sup> Só para dosímetros en servizo antes da entrada en vigor desta orde.

<sup>(2)</sup> Para instrumentos postos en servizo en cumprimento da Orde do 16 de decembro de 1998, do Ministerio de Fomento.

## ANEXO VII

## Requisitos técnicos das empresas reparadoras

As persoas ou entidades que se propoñan reparar ou modificar sonómetros, calibradores acústicos ou dosímetros, a que se refire esta orde ministerial, deberanse inscribir como reparadores autorizados no Rexistro de Control Metrolóxico, segundo o disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico requirirá, por parte do solicitante, o cumprimento dos requisitos administrativos e técnicos que se especifican a seguir.

## 1. Requisitos administrativos.

As persoas ou entidades que soliciten a súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico como reparadores autorizados de sonómetros, calibradores sonoros e dosímetros deberán cumprir os requisitos administrativos exixidos no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

## 2. Requisitos técnicos.

Ademais do cumprimento dos citados requisitos administrativos, será tamén indispensable para a inscrición que o reparador dispoña non só dos recursos técnicos e humanos necesarios para poder realizar o seu traballo, senón tamén dos medios técnicos que lle permiten efectuar a comprobación do instrumento unha vez reparado e garantir a bondade da reparación. Para iso deberá dispor, como mínimo, do seguinte equipamento debidamente calibrado:

Un calibrador acústico, de clase 1, que posúa un nivel de presión acústica e unha frecuencia coñecidos e que cumpra cos requisitos da norma española UNE-EN 60942:2005.

Un sonómetro, clase 1, que cumpra cos requisitos da UNE-EN 61672-1-2, sometido ao control metrolóxico establecido nesta orde, ou unha cadea de medición formada por un micrófono de media polgada e un preamplificador de precisión igual ou superior á daquel.

Un medidor de distorsión, con capacidade para medir a distorsión harmónica total, cunha precisión de 0,1 por 100 para o rango que especifica a norma técnica.

Un xerador de sinal sinuoidal capaz de xerar onda cadrada e salvas de impulsos sinuoidais.

Un multímetro de precisión de corrente alterna e corrente continua de 4 1/2 díxitos, con capacidade de medida de ata 200 V, 1 A, 100 M  $\Omega$ .

Unha fonte de alimentación de corrente continua, o rango da cal vai de 0 a 30 V e de 0 a 2 A.

Un osciloscopio de dúas canles, capaz de medir ata 10 MHz e unha sensibilidade de 2mV/div.

Un frecuencímetro de resolución 0,1 Hz, no rango de 0,1 kHz a 200 kHz e unha sensibilidade entre 1 mV e 10 V

**17279** *CORRECCIÓN de erros da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción. («BOE» 237, do 3-10-2007.)*

Advertidos erros no texto da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega n.º 22, do 16 de agosto de 2007, procédese a efectuar as oportunas modificacións.

Na páxina 2730, segunda columna, artigo 6, Retribución do servizo de interompibilidade, último parágrafo, primeira e segunda liñas, onde di: «Ej é a enerxía anual consumida en barras de central, expresada en kWh, en cada período tarifario j...», debe dicir: «Ej é a enerxía trimestral consumida en barras de central, expresada en MWh, en cada período tarifario j...».

Na páxina 2732, primeira columna, artigo 9, Requisitos que deben reunir os consumidores para a contratación do servizo, punto 2.º, parágrafo terceiro, onde di: « $(E_j / h_j P_{\text{máx.i}}) \geq 5.000 \text{ mW}$ », debe dicir: « $(E_j / h_j P_{\text{máx.i}}) \geq 5.000 \text{ kW}$ ».

Na páxina 2732, primeira columna, artigo 9, Requisitos que deben reunir os consumidores para a contratación do servizo, último parágrafo, cuarta liña, onde di: «se fai referencia no artigo 11 ou estar en condicións», debe dicir: «se fai referencia no artigo 10 ou estar en condicións».

Na páxina 2734, primeira columna, artigo 14, Revogación da autorización administrativa para a prestación do servizo e resolución do contrato, número 1, alínea c), punto 2.º, última liña, onde di: «... no artigo 8.», debe dicir: «... no artigo 7.».

Na páxina 2734, segunda columna, onde di: «Artigo 16. Facturación dos servizos.», debe dicir: «Artigo 16. Facturación do servizo.».

Na páxina 2734, segunda columna, terceira liña do número 1 do artigo 16, onde di «Operador do sistema o día 30 do mes m+2 a que», debe dicir «Operador do sistema antes do día 15 do mes m+3 a que».

Na páxina 2735, primeira columna, onde di: «Artigo 18. Comprobación e inspección destes servizos.», debe dicir: «Artigo 18. Comprobación e inspección deste servizo.».

Na páxina 2735, primeira columna, segundo parágrafo, última liña, onde di: «artigo 7.», debe dicir: «artigo 8.».

Na páxina 2735, segunda columna, número 5, sétima liña, onde di: «... resultado dos contratos de xestión da demanda», debe dicir: «... resultado dos contratos de xestión da demanda de interompibilidade».

Na páxina 2735, segunda columna, onde di: «Disposición adicional segunda. Modelos de contratos e procedementos.», debe dicir: «Disposición adicional segunda. Modelo de contrato e procedemento.»

## XEFATURA DO ESTADO

**17480** *REAL DECRETO LEI 9/2007, do 5 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas. («BOE» 240, do 6-10-2007.)*

As condicións meteorolóxicas adversas deron como resultado que algunhas bacías hidrográficas continúen con acusados problemas para a subministración de auga, tanto para os abastecementos ás poboacións, como para as explotacións agrícolas e gandeiras, polo que é necesario adoptar determinadas medidas extraordinarias e de urxente necesidade para paliar os efectos da seca.

O ano hidrolóxico 2004/2005 foi, para unha gran parte da España peninsular, o máis seco dunha serie histórica de máis de 100 anos. O ano hidrolóxico 2005/2006 foi un ano con maiores precipitacións que o anterior aínda que tamén seco (un 16% por debaixo da situación de normalidade). Este ano hidrolóxico, aínda que tivo unha chuvía en niveis normais, non foi suficiente para solucionar o déficit acumulado polos dous anos anteriores nalgunhas